

PONTE CALDELAS**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o 21 de xuño de 2012, aprobou provisionalmente a creación da Ordenanza reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, publicouse no Boletín Oficial da Provincia en data 12.07.12 e estivo sometida a información pública polo prazo de 30 días hábiles e, dado que, non se presentou ningunha reclamación procédese de seguido á publicación do texto íntegro:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS
PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS
DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a «Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos», á que se refire o artigo 20.4i), e que estará ao establecido na presente Ordenanza Fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

En virtude do establecido no artigo 2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, artigo 20.4i) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (na redacción segundo lei 2/2011 de 4 de Marzo de Economía Sustentable) e artigo 6 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, o feito imponible da Taxa constitúeo a actividade municipal, tanto técnica como administrativa desenvolvidas para verificar, antes da apertura de establecementos industriais e mercantís (caso que sexa necesaria solicitude de licenza; supostos de solicitude de licenza de actividade, regulados no artigo 11 da Ordenanza Reguladora dos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividades e dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa do Concello de Ponte Caldelas) e posteriormente (supostos de declaración responsable e comunicacións previas, regulados no artigo 57 e 59 da mencionada ordenanza) que reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

Neste sentido entenderase como apertura:

- A instalación do establecemento por vez primeira para dar comezo ás súas actividades.
- Os traslados a outros locais.
- Os traspasos ou cambio de titular dos locais, cando varía a actividade que neles se viñera desenvolvendo.
- Os traspasos ou cambio de titular dos locais sen variar a actividade que neles se viñera realizando, sempre que esta verificación deba solicitarse ou prestarse en virtude de norma obrigatoria.
- As variacións e ampliacións de actividades desenvolvidas nos locais, aínda que continúe o mesmo titular.
- Ampliacións de local e calquera alteración que leve a cabo neste e que afecte as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade, esixindo nova verificación das mesmas.



Entenderase por establecemento industrial ou mercantil (enténdase en sentido da definición de “establecemento físico” que se fai no apartado 6 do artigo 2 da Ordenanza Reguladora dos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividades e dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa) aquela edificación habitable estea ou non aberta ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- Dedíquesse ao exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesanal, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ao Imposto de Actividades Económicas.
- Aínda sen desenvolverse aquelas actividades sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficio ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de persoas ou Entidades xurídicas, escritorios, despachos ou estudos, depósitos ou almacéns.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Segundo o que establecen os artigos 35 e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de contribuíntes e, por tanto, obrigados tributarios, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigacións tributarias, que sexan titulares da actividade que pretenden levar a cabo ou que de feito a desenvolvan, en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos, consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. BASE IMPOÑIBLE.

1. No caso de actividade ou servizos sometidos ao réxime de licenza de apertura ou de actividade, de conformidade co artigo 11 da Ordenanza Reguladora dos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividades e dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa do Concello de Ponte Caldelas:

Constitúe a base imponible desta Taxa:

1.— A cota do Imposto Municipal sobre Actividades Económicas, con a limitación recollida no artigo 6, desta Ordenanza relativo a cota tributaria

2.— Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determinar a base imponible considerarase como tal a renda anual que corresponda ao establecemento, cuxa determinación se fará observando as seguintes regras:

a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de interese legal do Banco de España ao valor catastral que o devandito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens Inmóveis.

b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendo, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato apareceren pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarase como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza.



Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicar a regra 1 anterior, tomarase como base imponible esta última.

- c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeitos á Taxa, a base deste último será a que proporcionalmente á súa superficie correspóndalle no importe total da renda anual, que conforme ás regras precedentes, impútese ao devandito local.
- d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie en que se ampliou o local, calculada con arranxo ao previsto nas regras anteriores.

2. No caso de actividades ou servizos que requiran unicamente da presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, de acordo cos artigos 57 e 59 da Ordenanza Reguladora dos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividades e dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa do Concello de Ponte Caldelas, a base imponible virá dada por unha cantidade fixa segundo a natureza do expediente a tramitar e que vén recollida no artigo seguinte. Esta cantidade coincide coa establecida na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Documentos que se expidan ou de que entendan o Concello ou as Autoridades, a instancia de parte, Ordenanza que fixa unha cantidade para os supostos de certificacións ou informes urbanísticos.

ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.

A cota para o caso de actividade ou servizos sometidos ao réxime de licenza de apertura ou de actividade, de conformidade co artigo 11 da Ordenanza Reguladora dos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividades e dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa do Concello de Ponte Caldelas será a seguinte tarifa:

CONCEPTO: Establecementos sometidos a licenza de Actividade ou de Apertura

IMPORTE: 100 % cota I.A.E.cun importe máximo de 6.000 €.

CONCEPTO: No caso de Actividades ou servizos que requiran unicamente da presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, de acordo cos artigos 57 e 59 da a Ordenanza Reguladora dos procedementos de outorgamento de licenzas urbanísticas e de actividades e dos procedementos de actividades e servizos sometidos ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa do Concello de Ponte Caldelas

IMPORTE: 19,85 €

ARTIGO 7º. EXENCIONES E BONIFICACIONES.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

ARTIGO 8º. DEVENGO.

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta, ou no momento en que o suxeito pasivo presente a correspondente declaración responsable ou comunicación previa no suposto en que para o inicio da actividade será suficiente a presentación destas últimas para proceder ao comezo das mesmas.

2. Cando a apertura tivese lugar sen obter a oportuna licenza, a Taxa se devengará cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.



3. A obrigaón de contribuír, unha vez nada, non se verá afectada, de ningún xeito, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 9º. DECLARACIÓN.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de actividade ou de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañada da alta na licenza fiscal da actividade correspondente, do contrato de aluguer ou título de adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivese así mesmo valor catastral, o prezo de adquisición ou o custo de construción do mesmo no seu caso.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura variara ou ampliara a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

3. No caso de tratarse de actividades ou servizos que unicamente requiran para a súa presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa presentárase xunto ao modelo de declaración ou comunicación o xustificante de satisfacer a preceptiva taxa.

ARTIGO 10º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez ditada a Resolución municipal que proceda sobre a licenza de apertura, practícarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

2. No entanto, o Concello poderá liquidar e esixir o importe da Taxa no momento de presentar a solicitude, en calidade de depósito previo.

3. Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuario ou concesionario do establecemento, e o local non teña sinalado valor catastral, practícarase unha liquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, no seu caso, o custo de construción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practícarase a liquidación definitiva que proceda, de cuxa cota se deducirá a liquidada en provisional, ingresándose a diferenza nas Arcas Municipais ou devolvéndose de oficio, se así procedese, ao interesado o exceso ingresado a consecuencia da liquidación provisional.

4. Tal e como se sinala no apartado 3 do artigo anterior no caso de tratarse de actividades ou servizos que unicamente requiran para a súa presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa presentárase xunto ao modelo de declaración ou comunicación o xustificante de satisfacer a preceptiva taxa.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Unha vez que se proceda á súa aprobación polo Pleno da Corporación e entre en vigor tras a súa publicación, esta Ordenanza derrogará a anterior Ordenanza Reguladora da Taxa por Licenza de Apertura de Establecementos.

Contra o presente acordo, conforme o artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponte Caldelas, 20 de agosto de 2012.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

2012008088